

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**16118** *Real decreto 1338/2011, do 3 de outubro, polo que se establecen distintas medidas singulares de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios.*

No ano 2004, o Consello e o Parlamento Europeo adoptaron un paquete de medidas para a produción e comercialización segundo normas hixiénicas de todos os alimentos, seguindo as bases establecidas no Libro branco da seguridade alimentaria, de xaneiro de 2000. Desde entón, a Comisión Europea desenvolveu, mediante o procedemento de comitoxía, medidas de aplicación sobre aspectos concretos dos regulamentos e disposicións transitorias necesarias para facilitar a adaptación dos operadores económicos ás ditas exigencias.

Desde a súa entrada en vigor, procurouse a adaptación do deseño e do equipamento, así como das prácticas de hixiene dos establecementos, conforme o Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, o Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e o Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano. Para este proceso, as propias disposicións comunitarias prevén que determinados aspectos sexan regulados no ámbito nacional. Trátase na súa maioría de certas prácticas comúns da produción e comercialización de alimentos que non requiren adaptarse á norma xeral, sempre que se garantan os obxectivos de seguridade alimentaria dos regulamentos.

Polo tanto, na medida en que os citados regulamentos o permiten, convén establecer en España as bases normativas para manter certas prácticas nos matadoiros consideradas como singulares no marco comunitario. Este real decreto determina as condicións en que se poden pór no mercado as canais de certos cordeiros, cabritos, leitóns, aves e lagomorfos de caza silvestre, parcialmente evisceradas.

Ante este marco legislativo comunitario relativo á hixiene dos alimentos, en España o Real decreto 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios, derogou as disposicións nacionais que procedían da transposición dos actos legislativos comunitarios previos e corroborou certas disposicións de iniciativa nacional non contrarias ao dereito comunitario.

Estas cuestións obxecto de regulación nacional afectan, entre outras, as condicións en que se permite comercializar produtos alimenticios entre establecementos de comercio ao retallo, así como as condicións en que se pode comercializar o leite cru que non se axusta aos requisitos comunitarios de células somáticas e contido de xermes a 30 °C.

Resulta necesario, pois, modificar o Real decreto 640/2006, en primeiro lugar para adaptar as marxes de distribución de produtos alimenticios, dos establecementos de comercio ao retallo, incluíndo os produtos de orixe animal, como desenvolvemento do establecido no artigo 1.5.b).ii) do Regulamento (CE) n.º 853/2004, conforme a natureza e o tamaño das empresas e, en segundo lugar, para admitir outros sistemas de transformación do leite cru equivalentes en garantías de seguridade á transformación en queixo cun período de maduración superior a 60 días.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22

de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, despois de emitir o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 30 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Excepcións á evisceración total.*

1. Conforme o establecido na letra d) do punto 16 do capítulo IV da sección I do anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, para certos ungulados domésticos; na letra c) do punto 7 do capítulo IV da sección II do mesmo anexo, para certas aves de curral, e no punto 5 do capítulo III da sección IV do mesmo anexo, para certos animais de caza menor silvestre, autorízase que as súas canais conteñan as vísceras, distintas ao estómago e ao intestino, que se manteñan en conexión anatómica co corpo. A relación de animais exceptuados está recollida no anexo desta norma.

2. No caso dos ungulados domésticos as ditas vísceras serán sempre obxecto da inspección post mortem, e no caso das aves de curral o operador económico garantizará a homoxeneidade sanitaria dos lotes sacrificados e a inspección post mortem realizada polo veterinario oficial cumprirá os seguintes requisitos:

a) Deberá determinarse en cada ocasión a porcentaxe de animais dos cales é necesario examinar as vísceras e cavidades do corpo con base na información da cadea alimentaria, na inspección ante mortem e en calquera outra consideración pertinente.

b) Se nas inspeccións por mostraxe se constatar a presenza de alteracións nas vísceras de varias canais, procederase á inspección completa de todas as canais do lote.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios.*

O Real decreto 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«2. Sen prexuízo do establecido no Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e dos seus derivados nos establecementos de comercio ao retalho, ou outras disposicións que establezan requisitos específicos distintos, os establecementos de comercio ao retalho que venden ou subministran exclusivamente ao consumidor final ou a colectividade poderán subministrarlle os seus produtos a outros establecementos destas mesmas características sempre que:

- a) o establecemento subministrador dispoña de instalacións e equipamentos adecuados e proporcionais para a obtención hixiénica do seu volume de produción;
- b) non subministren establecementos suxeitos a inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos;
- c) a súa distribución se realice dentro do ámbito do municipio onde estea situado o establecemento ou ben na unidade sanitaria local, zona de saúde ou territorio de iguais características e finalidade que defina a autoridade competente correspondente;
- d) se trate dunha actividade marxinal en termos tanto económicos como de produción.»

Dous. O número 2 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Cando os controis previstos no capítulo II do anexo IV do Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, na granxa de orixe demostren que o leite cru supera os parámetros establecidos na sección IX do anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004, no que se refire ás colonias de xermes e ao contido de células somáticas, a autoridade competente enviará unha notificación ao produtor en que lle comunique que dispón dun prazo de tres meses para corrixir a situación.

Pasados os tres meses, aqueles produtores que sigan superando os ditos parámetros deberán suspender a entrega de leite cru ou, de acordo cunha autorización da autoridade competente, entregar este leite e informar desta situación a establecementos que garantan os requisitos de tratamento e utilización que se indican a continuación:

- a) A elaboración de queixos cun ciclo de maduración de 60 días como mínimo e produtos lácteos obtidos na fabricación dos ditos queixos, coa condición de que os responsables dos establecementos que elaboren estes queixos realicen un control de almacén de forma que se coñeza e rexistre o tempo de permanencia de cada lote de produtos para garantir unha estancia mínima de 60 días; ou
- b) a elaboración de produtos lácteos ou produtos a base de costro a partir dese leite ou costro, unha vez que fosen sometidos aos requisitos de tratamento térmico establecidos no capítulo II da sección IX do anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004.

Manteranse a dita suspensión ou os ditos requisitos ata que o produtor da granxa de orixe demostre que o leite cru volve ser conforme cos ditos criterios.»

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

## ANEXO

### Lista de ungulados domésticos, aves e lagomorfos exceptuados da evisceración total

1. Ungulados domésticos:

Cordeiros de leite.

Cabritos de leite.

Leitóns.

2. Aves de curral domésticas que se axusten a algunha destas catro condicións:

Resolución individual de uso da etiquetaxe facultativa emitida pola autoridade competente (CCAA) a cada un dos matadoiros autorizados, conforme os artigos 11 e 12 do Regulamento (CE) n.º 543/2008, do 16 de xuño, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello no que atinxe á comercialización de carne de aves de curral.

Inscripción no rexistro de operadores de produción ecolóxica de cada matadoiro autorizado para o uso do precinto ou etiqueta coa lenda «Agricultura ecolóxica» ou código do organismo de control, conforme o Regulamento (CE) n.º 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control.

Resolución individual de uso da marca emitida pola autoridade competente (CCAA) a cada un dos matadoiros autorizados para o uso do logotipo da marca de calidade nacional, conforme o Regulamento (CE) n.º 510/2006, do 20 de marzo de 2006, sobre protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, ou autonómica.

Galiña córnica pesada ou reprodutora.

3. Pavo, parrulo, pintada, ganso, faisán, perdiz, paspallás e pomba.

4. Caza silvestre: aves e lagomorfos silvestres.